



Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos sobre a Orde do 25 de agosto de 2015, pola que se convocan axudas para a adquisición de material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial en centros sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2015/16 (DOG do 1 de setembro)

Logo da publicación no *Diario Oficial de Galicia* do 1 de xuño de 2015 das convocatorias para a adquisición de libros de texto (procedemento ED330B) e para a participación no fondo solidario de libros de texto (procedemento ED330D), complétanse as garantías ofrecidas cos citados instrumentos e establécese unha nova liña de axudas de apoio ás familias con maiores dificultades para a adquisición de material escolar, nos termos reflectidos e segundo o procedemento da Orde do 25 de agosto de 2015 (procedemento ED330F)

En virtude do recollido na disposición derradeira primeira da citada orde, dítanse as seguintes

INSTRUCCIÓNS

1ª. Convocatoria: Axudas para a adquisición de material escolar

Ensinanzas e cursos aos que afecta. A convocatoria de material escolar dirixese ao alumnado matriculado en calquera curso de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial.

Estas axudas son compatibles coas destinadas á adquisición de libros de texto (Orde do 22 de maio de 2015, DOG do 1 de xuño).

2ª. Requisitos para a collerse a esta convocatoria

a) Ser pai/nai/titor ou titora legal do alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial nun centro sostido con fondos públicos durante o curso escolar 2015/16.

b) Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) **Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros.**

3ª. Prazo de solicitude

A convocatoria establece un único prazo para presentar as solicitudes: 1 mes, contado dende o día seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no DOG.

Inicio do prazo: **02.09.2015**

Fin do prazo: **01.10.2015**

4ª. Solicitudes e documentación. Todas as solicitudes, no momento da súa presentación, deberán ir acompañadas pola documentación preceptiva, ou, de ser o caso, deberá autorizarse a consulta dos datos de identidade e tributarios, conforme reflicte o artigo 4 da orde.

5ª. Determinación da unidade familiar. Os membros que integran a unidade familiar e a data de referencia para determinar a súa composición (31.12.2013), é igual que na convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto.

Pero, na presente convocatoria, axudas para material escolar, non se fai un tratamento diferenciado da familia monoparental e resto das familias, respecto do tramo de renda e da contía das axudas.

6ª. Renda per cápita. Considerase a renda per cápita da unidade familiar no exercicio fiscal do 2013 (igual que na axuda para libros de texto).

Pero, no caso da axuda para material escolar, hai un único límite de renda para todas as familias, de xeito, que poderá acceder o alumnado sempre que a **renda per capita da unidade familiar sexa igual ou inferior a 5.400 €**.

Excepción: O alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia terá dereito ao vale, con independencia da situación familiar e do nivel de renda.

7ª. Contía da axuda. 50 € por alumno/a.